


**MEMORIA DE AVALIACIÓN DO
I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE
CAMARIÑAS**

ÁREA DE IGUALDADE




CONCELLO DE CAMARIÑAS



CAMARIÑAS 07



Concello de Camariñas



AUTORA DA AVALIACIÓN:

Patricia Vaquero González.
Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas.

COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN TÉCNICA:

M^a Josefa Jiménez Sánchez.
Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas.

APOIO INFORMÁTICO:

Jose Manuel Sestayo
Departamento de Infomática do Concello de Camariñas.

FECHA:

Outubro do 2007



Concello de Camariñas



INDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN.
 - 2.1 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS
 - 2.2 ACTIVIDADES NON EXECUTADAS
3. PARTICIPACIÓN POR ACCIÓNS.
4. AVALIACIÓN ECONÓMICA.
5. CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN DO I PIOM.
6. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS(2007-2010)
7. ANEXOS: FICHAS DE RECOLLIDA DE SEGUIMENTO DAS ACTUACIÓNS DO I PIOM



Concello de Camariñas



1. INTRODUCCIÓN

O primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres de Camariñas naceu da implicación e do compromiso en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes do Concello de Camariñas. Na súa confección e desenvolvemento participaron os servizos municipais da Axencia de Desenvolvemento Local e Servizos Sociais que levaban xa uns anos desenvolvendo accións específicas co colectivo feminino.

O Plan baseouse nas conclusións do estudo “*Diagnose: A realidade das mulleres de Camariñas*” feito no ano 2003 polas técnicas de Igualdade do Concello. Este foi o primeiro paso para a implantación dun servizo de atención especializada ao colectivo feminino de Camariñas. Esta investigación foi realizada dende a perspectiva de xénero e estudiáronse todos os sectores nos que a muller desenvolve a súa actividade remunerada ou non.

O Plan de Igualdade tivo unha periodicidade dende o ano 2004-2006 coincidindo co remate do período legislativo do equipo de goberno local. A súa redacción final levouna a cabo a Asociación Lilith de Santiago de Compostela coa coordinación dos Servizos Sociais e da Axencia de Desenvolvemento Local e a participación do Servizo Galego de Igualdade (SGI), entidades asociativas e outros servizos municipais.

O texto inicial foi consensuado co equipo de goberno do Concello seleccionándose o conxunto das accións que conformou o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas (2004-2006) que se aprobou no pleno do 30 de abril do 2005.

O principal obxectivo do Plan foi facer visible, sensibilizar e concienciar ao colectivo feminino de Camariñas que adquiriu un carácter horizontal, impregnando as actuacións das diferentes áreas ao mesmo tempo que se converteu na área prioritaria á que se adicaron o maior número de actuacións e recursos. O Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas estivo estruturado en sete áreas de traballo, ás que corresponden sete obxectivos xerais:



1. ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITOS LABORAIS.

Obxectivo xeral: Promover a igualdade de oportunidades de forma normalizada e integral, procurando a implicación de tódolos axentes públicos e privados no logro deste obxectivo.

2. ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR.

Obxectivo xeral: Crear e consolidar os servizos municipais para a muller e poñer a disposición das mulleres mecanismos que lles permitan que a conciliación persoal, laboral e familiar sexa unha realidade máis próxima.

3. ÁREA DE PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO.

Obxectivo xeral: Promover a participación social das mulleres tanto no ámbito público como privado e así, promover especificamente o asociacionismo e a participación activa nos eidos da cultura, deportes e lecer.

4. ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.

Obxectivo xeral: Fomentar a educación para a igualdade real entre mulleres e homes.

5. ÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E VIVENDA.

Obxectivo xeral: Traballar o medio para que o seu uso sexa accesible para toda a cidadanía.

6. ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR.

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades específicas.

7. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.

Obxectivo xeral: Fomentar a formación e a cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo, reforzar o autoemprego e promover a mellora das condicións laborais nos sectores máis feminizados.



2. SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN

Ofrecemos ao final deste punto os cadros resumo das accións e financiamento desenvolvidos no I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas que comentamos a continuación.

No I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Camariñas formuláronse **42** actuacións, desenvolvéronse o **67%** delas, **22 (53%)** leváronse a cabo completamente e **6 (14%)** executáronse en parte e non se realizaron **14(33%)**.

ACTIVIDADES POR GRUPO DE REALIZACION I PIOM 2004-2006 CAMARIÑAS			
	FEITA	NON FEITA	SEN COMPLETAR
Área de Igualdade	14	1	4
Servizos Sociais Municipais	8	3	0
Grupo de goberno	1	7	2
Total	23	11	6

2.1 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Na **ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN** o número de actuacións formuladas foron **18** das cales leváronse a cabo **7 (39%)**, non se levaron a cabo **8 (44%)** e non se completaron **3 (17%)**. A maioría das actuacións que quedaron sen facer nesta área, requirían un maior compromiso político, é dicir, que o grupo de goberno artellara as partidas orzamentarias necesarias ou as directrices organizativas que permitiran a súa execución polos servizos técnicos da Área de Igualdade. Aínda que foi a área con maior número de actuacións, tamén foi a única onde as actuacións non realizadas superan as realizadas.

Tódalas actividades deste plan foron promovidas polo Concello de Camariñas. O seu financiamento foi mixto e foron realizadas tanto con medios propios como con subcontratación de servizos.



- **Guía de Mulleres Significativas:** Foi cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella (Proxecto Singra). A realización foi executada pola Área de Igualdade e Xeneme Intervención Social.
- **Exposicións con temática de xénero:** Foron cofinanciadas pola Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella (Proxecto Singra). A execución foi levada a cabo pola Área de Igualdade, Xeneme Intervención Social e Eritea.
- **Organización de cursos, xornadas...con temática de xénero:** Foron cofinanciadas pola Deputación Provincial da Coruña e a realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade, Xeneme Intervención Social e Tagen Ata coa colaboración do I.E.S Pedra da Aguia de Ponte do Porto.
- **Difusión da presenza feminina en postos de responsabilidade (Non completa):** Foron cofinanciadas pola Deputación Provincial da Coruña e a realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade, Xeneme Intervención Social e Eritea coa colaboración do I.E.S Pedra da Aguia de Ponte do Porto.
- **Informar, atender e apoiar calquera demanda sobre discriminación por razón de sexo:** Financiado polo Concello de Camariñas e a realización da acción polos Servizos Sociais municipais coa colaboración dos representantes legais dos traballadores, CIM...
- **Informar en espazos femininos:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e as distintas asociacións do termo municipal coa colaboración da Delegación Provincial de Igualdade e distintos centros privados.
- **Coordinación con asociacións e colectivos para cursos e actividades:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña e o Plan Concertado. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade, Eritea, Tagen Ata e a colaboración da Asociación Galega de Fibromialxía.



- **Impulsar convenios de cooperación:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e colaboraron o IES e o Centro de Desenvolvemento Asociativo Rural de Camariñas (CDAR).

¹Na **ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR** o número de actuacións formuladas foron **6** das cales realizáronse **5 (83%)** e non se fixo **1(17%)**. A falla de financiamento impediu executar a única acción que quedou sen facer que foi o espazo cultural e de lecer para as persoas maiores.

- **Proseguir coa información e a orientación ás mulleres:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Traballo. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e os Servizos Sociais coa colaboración dos CIM.
- **Informe sobre a creación e xestión da escola infantil:** Foi cofinanciado pola Consellería de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- **Campaña de Sensibilización e Guía municipal de violencia de xénero:** Cofinanciada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Servizo Galego de Igualdade. A execución foi levada a cabo pola Área de Igualdade e coa colaboración dos CIM, os centros de saúde, o hospital “Virxe da Xunqueira”, a garda civil de Camariñas, o Xulgado de Corcubión, a Casa de Acollida, EMUME...

¹ ver cadros de porcentaxes e financiamento.



Concello de Camariñas



²Na Área de **ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL** o número de actuacións formuladas foron **6** das cales realizáronse **3 (50%)**, non se fixo **1(17%)** e quedaron incompletas **2(33%)**. Estas últimas xa están iniciadas e séguese a traballar nelas. A non realizada foi por motivos de falta de coordinación e colaboración co servizo de biblioteca.

- **Cursos de fomento de participación social feminina:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e Tagen Ata e coa colaboración da Delegación Provincial de Vicepresidencia.
- **Asesoramento das subvencións ás asociacións de mulleres:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización corre a cargo da área de Igualdade e da Axencia de Desenvolvemento e coa colaboración da CDAR.
- **Consello Municipal da Muller (non completa):** Foi cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e Tagen Ata.
- **Transporte público para a asistencia das actividades:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización corre a cargo da área de Igualdade.
- **Cursos de cociña e cursos de técnicas audiovisuais:** Foron cofinanciados pola Deputación Provincial da Coruña. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e Eritea.

² ver cadros de porcentaxes e financiamento.



Concello de Camariñas



³Na **ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE** o número de actuacións formuladas foron **2** das cales unha (**50%**), non se fixo e a outra (**50%**) non se completou. Destes datos dedúcese que é necesario emprender maiores canles de comunicación, colaboración e coordinación coas concellerías e servizos correspondentes para traballar de forma horizontal a igualdade de oportunidades. En definitiva, pór en funcionamento o principio “mainstreaming”.

- **Obradoiros de coeducación en centros educativos (non completa):** Foi cofinanciada pola Xunta de Galicia e a realización levouna a cabo a Área de Igualdade e Xeneme Intervención Social coa colaboración da Asociación Abondou.

⁴Na **ÁREA DE ORDENAMENTO DO TERRITORIO E DA VIVENDA** o número de actuacións formuladas foron **3** das cales realizáronse **1(33%)**, e non se fixeron **2(67%)**. Estas dúas últimas actuacións as súas execucións dependían de instancias municipais superiores ao servizo de Igualdade.

- **Informar sobre os recursos e as axudas de vivenda:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e a Axencia de Desenvolvemento Local.

A actividade desta área foi promovida, financiada e realizada polo Concello de Camariñas, xa que é levada a cabo pola Axencia de Desenvolvemento Local do Concello.

³ ver cadros de porcentaxes e financiamento.

⁴ ver cadros de porcentaxes e financiamento.



Concello de Camariñas



⁵Na **ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL** o número de actuacións formuladas e realizadas foron **2**. As actividades desta área foron as únicas que se realizaron completamente.

- **Charlas de saúde:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e os Servizos Sociais e con diferentes colaboracións como a da Asociación Galega de Fibromialxía.
- **Obradoiro de desenvolvemento persoal:** Foi cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña e a realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e Tagen Ata.

⁶Na **ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO** o número de actuacións formuladas foron **5** das cales realizáronse **4 (80%)**, e non se fixo **1(20%)**. A única actividade non realizada foi o obradoiro de autoemprego, aínda que se esta a emprender outros obradoiros de emprego no concello no que participan un gran número de mulleres.

- **Curso de novas tecnoloxías:** Foi cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña e a realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade, Xeneme Intervención Social e Eritea.
- **Obradoiro busca de emprego:** Foi cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña e Singra. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e o Servizo de Orientación Laboral.
- **Programa Emprendedoras:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade e a Axencia de Desenvolvemento Local.

⁵ ver cadros de porcentaxes e financiamento

⁶ ver cadros de porcentaxes e financiamento



Concello de Camariñas



- **Apoio ás asociacións profesionais:** Financiado polo Concello de Camariñas. A realización foi levada a cabo pola Área de Igualdade, a Axencia de Desenvolvemento Local e o Centro de Desenvolvemento Asociativo (CDAR).

2.1 ACTIVIDADES NON EXECUTADAS.

Do total das accións executadas quedaron 14 sen realizar, divididas nas seis das sete áreas plantexadas no plan. A continuación faremos un breve comentario das actividades non realizadas e as súas causas:

✘ **Por falta de compromiso político, é dicir, partidas orzamentarias necesarias para artellar directrices organizativas que permitirían a súa execución polos servizos Técnicos da Área de Igualdade:**

- Identificar o concello con nomes de mulleres relevantes poñendo os seus nomes nas rúas e edificios públicos.
- Declaración plenaria de apoio a políticas que promocionen a igualdade de oportunidades.
- Divulgar as medidas de incentivación que leven a un exercicio real por parte dos homes: permisos, licenzas ou excedencias parentais.
- Compromiso municipal de substituír o persoal que estea en situación de baixas por maternidade/paternidade no convenio colectivo.
- Servizo “Canguro” para facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
- Espacio cultural e de lecer para persoas maiores.
- Evitar barreiras de mobilidade urbana.
- Crear zonas axardinadas e de paseo para o disfrute das persoas maiores e dos nenos.
- Apoio ás iniciativas locais de emprego promovidas por mulleres. (Só necesítase cambiar a ordenanza municipal)



Concello de Camariñas



- ✘ **Por non execución por parte do servizo técnico da Área de Igualdade:**
 - Elaboración do díptico “ A muller en cifras”, situación laboral da muller.
 - Difusión dos dereitos laborais das mulleres.
 - Realización de obradoiro de autoemprego para mulleres.

- ✘ **Pola falta de colaboración cos distintos servizos municipais:**
 - Difusión e consolidación da sección da muller na biblioteca.
 - Campaña de participación nos deportes.



Concello de Camariñas



3. PARTICIPACIÓN POR ACCIÓNS:

Das corenta e dúas accións que se contemplaron no I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes de Camariñas, realizáronse totalmente vintedúas delas. Analizando as vinte accións restantes que non se realizaron ou que non se completaron, observamos que a maioría foron por falta das partidas orzamentarias necesarias ou das directrices organizativas que permitiran a súa execución pola Área de Igualdade.

Centrándonos nas 22 accións realizadas, analizaremos a participación da cidadanía en cada unha delas.

Na *Área de Visibilización, Sensibilización e Concienciación* realizáronse:

➤ **Guía de Mulleres Significativas de Camariñas:** Na realización desta guía, que foi o produto resultante do programa de participación cidadá realizado de marzo a outubro do 2005 denominado “*Mulleres Significativas de Camariñas*”, participou e colaborou unha gran parte da cidadanía recompilando nomes e biografías de mulleres relevantes do noso concello. Posteriormente votáronse as máis significativas para así plasmarlas na citada guía. O número de persoas directamente beneficiarias foron unhas 700. Esta acción tivo un grande éxito de participación e de difusión e, incluso, na actualidade tivemos que facer unha reedición desta polo gran número de demandas sen satisfacer. Esta foi unha das primeiras accións coas que a Área de Igualdade se deu a coñecer dunha maneira máis xeral entre a cidadanía.

➤ **Exposición con temática de xénero:** Unha das primeiras exposicións con temática de xénero foi a que se incluíu tamén no programa “*Mulleres Significativas de Camariñas*”, que consistiu en 22 paneis con fotos e biografías das mulleres do concello votadas anteriormente pola cidadanía. Esta exposición estivo quince días aberta e pasaron 290 persoas por ela.

Outra exposición levada a cabo foi a que se incluíu no programa “*En Feminino: A Voz das Mulleres*” chamada *A Memoria do Tempo*. Nela facíase un camiño ao longo da



Concello de Camariñas



vida das mulleres, a súa infancia, xuventude, relixión... A exposición realizouse durante a clausura do citado programa e visitárona unhas 123 persoas.

As diferentes exposicións tiveron bastante afluencia e nos cuestionarios que pasamos aos/ás asistentes mostrábase grande interese por elas e pola continuidade das actividades co obxectivo, de valorar o traballo das mulleres ao longo da historia no noso ámbito local.

➤ **Organizar ciclos, charlas, xornadas, cursos, etc. sobre temática de xénero:** Fixéronse dous cursos de Igualdade de Oportunidades no ano 2005 e Grupos de Encontro parroquiais e municipais no verán de 2006, celebrados dentro do programa “*En Feminino: A Voz das Mulleres.*” A participación destas actividades foi boa. Nos grupos de encontro a participación foi de 30 persoas. Segundo á análise do persoal docente os niveis de reflexión acadados e o traballo sobre os contidos foron moi altos. Pensamos que acadamos o obxectivo de toma de contacto con novas formas de pensar. Agora temos que seguir traballando nunha concienciación progresiva e no apoio á participación e á intervención social da muller.

➤ **Informar, atender e apoiar calquera demanda sobre discriminación por razón de sexo:** Esta acción realizouna o Departamento de Servizos Sociais do noso concello no programa de información, atención e asesoramento coa colaboración nos casos necesarios do Centro de Información a Muller (CIM) e dos representantes sindicais. Este serzo ten carácter permanente e continuado e a súa valoración é moi positiva.

➤ **Informar das actividades en espazos tradicionalmente femininos e reservar en centros municipais espazos para realizar reunións ou grupos de mulleres (incompleta):** Empregaron na realización das actividades os espazos cedidos polo concello. Utilizáronse tanto para a presentación e clausura dos distintos programas da Área de Igualdade como para as actividades promovidas dende dita área e para reunións e encontros de distintas asociacións do concello⁷. A participación na presentación do programa “*En Feminino*” foi de 103 mulleres e no coro municipal en torno a 32 mulleres.

⁷ Ver ficha 6



➤ **Coordinarse coas asociacións e colectivos existentes para a realización de cursos e actividades:** Está acción levouse a cabo con distintos obradoiros, charlas e actividades durante todo o período do plan dende os servizos municipais e o Centro de Desenvolvemento Asociativo:

- Actividade de ioga co colectivo de fibromialxía: 35 mulleres
- Obradoiro de fibromialxía: 18 mulleres
- Charla coa Asociación Galega de Fibromialxía: 28 persoas
- Actividade de Tai-chí co colectivo de maiores de 60 anos: 70 persoas
- Grupos de encontro: 19 mulleres
- Rutas de sendeirismo: 10 mulleres
- Coro municipal: 32 mulleres.

O grao de satisfacción das participantes foi moi bo e é salientable a creación dunha asociación de mulleres xurdida dunha destas actividades (Rutas de sendeirismo).

➤ **Impulsar convenios de cooperación con outras institucións e administracións públicas para o desenvolvemento común de actividades que fomenten a igualdade de xénero:** Durante todo o período do Plan leváronse a cabo diferentes convenios de cooperación con outras institucións tales como os cursos formativos coa Deputación Provincial da Coruña (Proximitas, Proximitas Plus), diferentes cursos en colaboración co Proxecto Singra (Cruz Vermella), distintos cursos no IES da Ponte do Porto... A maioría destas actividades contou cunha participación de 20 persoas, e o grao de satisfacción das participantes foi moi alto, incluso 2 participantes nos cursos da Deputación atoparon un traballo no eido no que se formaron.

➤ **Difusión do estudo da “Diagnose das mulleres de Camariñas” (incompleta):** esta acción non está completada pois a difusión da Diagnose tense que realizara un número maior de persoas e entidades .

➤ **Difusión da presenza feminina en postos de responsabilidade (incompleta):** Esta acción levouse a cabo por medio da *Guía de Mulleres Significativas*, a exposición e o documental a “*Memoria do Tempo*”.



Concello de Camariñas



Na *Área de Servizos Sociais e conciliación da vida persoal, laboral e familiar* realizáronse:

➤ **Proseguir coa información e a orientación que se efectúa coas mulleres de modo personalizado a través dos servizos sociais sobre as posibilidades de utilización e acceso aos recursos:** Esta acción é levada a cabo polo programa de información, atención e asesoramento do Departamento de Servizos sociais. É un servizo permanente e de calidade na información prestada. Dende maio de 2007 contamos cun servizo de asesoría xurídica unha tarde á semana. O número de usuarias no 2004 foi de 607 mulleres, no 2005 de 570 mulleres e no 2006 612 mulleres.

➤ **Elaboración dun informe previo á posta en marcha da escola infantil, sobre xestión e características da mesma:** A creación da escola infantil é un logro moi importante para o colectivo feminino do noso concello xa que facilita a conciliación da vida persoal e familiar. O número de participantes foi de 19 nenas/os no seu comezo pero na actualidade xa son 31. O persoal de Servizos Sociais realizou un informe previo e realizan o seguimento e a avaliación deste servizo.

➤ **Campaña de sensibilización tanto á poboación xeral, ás persoas afectadas e aos profesionais implicados, alentando a formulación de denuncias e a elaboración da guía informativa sobre malos tratos:** Dende o ano 2005 a Área de Igualdade está a levar a cabo diferentes campañas con accións encamiñadas a combater esa lacra que afecta á nosa sociedade chamada violencia de xénero. No 2005 realizamos unha campaña de sensibilización e visibilización “*Hai outro lado*” mediante a difusión de dípticos e tarxetas informativas contra a violencia de xénero. O número de beneficiarias/os foi de 250. Ao ano seguinte, no 2006, editouse unha *Guía de Servizos e Recursos* onde se incluíu un modesto estudo da situación que estamos a vivir na nosa zona xeográfica en torno a esta problemática. O número de servizos beneficiarios da Guía foi de 15. Programamos un obradoiro para profesionais “*Novas masculinidades ante a violencia de xénero*” ao que acudiron 15 profesionais da zona. Tódalas actividades neste senso van encamiñas a favorecer a reflexión de toda a



Concello de Camariñas



cidadanía sobre a gravidade dun problema que é de todas e todos.

Na *Área de Participación e asociacionismo* realizáronse:

➤ **Cursos, obradoiros, seminarios formativos, etc. dirixidos a mulleres para fomentar a participación social:** Fixéronse dúas actividades dirixidas a favorecer a participación social das mulleres, seguindo as liñas de actuación debuxadas no estudo do diagnóstico da situación das mulleres de Camariñas. Realizamos unha “*Xornada de Dinamización*” no ano 2005 con 41 persoas asistentes e os “*Grupos de Encontro parroquiais e municipais*” no 2006 con 19 persoas. Conseguir a participación social das mulleres é un obxectivo básico para a Área de Igualdade.

➤ **Continuar prestando asesoramento sobre subvencións ás asociacións de mulleres e difusión deste servizo:** Esta acción é levada a cabo polo programa informativo da Axencia de Desenvolvemento Local. É un servizo permanente e ademais dende a posta en funcionamento do CDAR, as asociacións contan cun servizo especializado de asesoramento e dinamización.

➤ **Realización de cursos que non supoñan unha extensión no tempo de formación ou lecer do papel tradicionalmente desenvolvido por mulleres e por homes, como un curso de cociña para homes ou un curso de técnica audiovisual para mulleres:** Esta acción realizouse no ano 2006 cun *Curso de Producción Audiovisual* para mulleres englobado no programa “En Feminino: A Voz das Mulleres” onde as mulleres realizan e participan nun documental. A participación nesta acción foi de 12 mulleres. A análise do curso é moi positiva pois ás mulleres gustoulles moito o contacto coas novas tecnoloxías, de feito demandan máis actividades deste estilo.

➤ **Creación do Consello Municipal da Muller (incompleta):** para esta acción empezouse a traballar no programa “*En feminino*” coa actividade dos grupos de encontro onde conformamos o grupo embrión do Consello.



Concello de Camariñas



➤ **Transporte público para as persoas asistentes ás actividades programadas (incompleta):** Esta acción realizouse para as actividades do programa “*En Feminino*” como o Coro municipal de mulleres.

Na *Área de Educación, Cultura e Deporte* realizáronse:

➤ **Continuar coa intervención de educación para a saúde desenvolvidas nos centros de ensino (sexualidade, alimentación, VIH, drogadicción, autoestima...), fomentando obradoiros de coeducación co alumnado:** En todo o período do plan fixéronse diversos obradoiros relacionados coa saúde, nos CEIP e no IES do concello, como o de bebidas saudables e os de drogadicción e sexualidade. A participación nas actividades foron as/os alumnas/os dos cursos correspondentes. A valoración de cada unha das actividades foi moi positiva, tanto dos profesionais que as levaron a cabo como das/os profesoras/es dos centros, así como do alumnado, que se implican con moita motivación e interese.

➤ **Intervención coeducativa en centros de ensinanza (incompleta):** Fixéronse ao longo do plan distintos obradoiros de drogadicción, sexualidade, bebidas saudables, igualdade...nos centros educativos pero haberá que consolidalos no futuro.

Na *Área de ordenamento do territorio e da vivenda* realizáronse:

➤ **Informar ás mulleres sobre os recursos e axudas que teñen ao seu alcance para acceder a unha vivenda:** Esta acción é levada a cabo polo programa informativo da Axencia de Desenvolvemento Local informándolles aos/as usuarios/as sobre axudas e subvencións para a compra, construción, reconstrución, rehabilitación e aluguer de vivenda. Entre o período do Plan utilizaron o servizo unhas 68 persoas.



Concello de Camariñas



Na *Área de saúde e benestar social* realizáronse:

➤ **Campañas, charlas, etc, sobre diversas enfermidades (tales como fibromialxía, osteoporose, anorexia e bulimia) e temas sociosanitarios (planificación familiar, nutrición hixiene):** Durante todo o período do plan fixéronse distintas actividades relacionadas coa saúde como ximnasia para persoas con problemas de saúde, ioga para persoas afectadas de fibromialxía, charla sobre esta enfermidade, charla de reumatoloxía....⁸ As actividades desta acción son valoradas moi positivamente polas asistentes. O número de participantes foi de 387 persoas, das que a maioría foron mulleres.

➤ **Obradoiros de desenvolvemento persoal para mulleres:** Realizouse un obradoiro de habilidades sociais e autoestima: Cara ao empoderamento. Nos grupos de encontros, favorecécese a integración da muller potenciando a súa autoestima, elemento indispensable para xerar un maior valor social sobre si mesmas. O número de participantes nas actividades foi de 42 mulleres.

Na *Área de formación e emprego* realizáronse:

➤ **Cursos de novas tecnoloxías especificamente para mulleres:** No período do plan fixéronse dous cursos destas características, no ano 2005 un *Curso de Maquetación* para a Guía de Mulleres Significativas de Camariñas coa participación de 12 mulleres e no ano 2006 un *Curso de Producción Audiovisual* para a realización dun documental coa participación de 12 mulleres. Ambos tiveron moito éxito xa que as participantes sentíronse a gusto coa práctica da tecnoloxía novidosa. A valoración do curso de maquetación foi a máis positiva Neste último as debilidades centráronse na marxe de participación, nas decisións sobre a produción do documental e nos contidos profesionais impartidos. Dende a Área de Igualdade non queremos que isto volva suceder polo que en próximas actividades farase unha avaliación máis continua no percorrer das actividades e

⁸ Ver ficha 20



Concello de Camariñas




establecendo instrumentos para a avaliación e o seguimento da participación e receptividade do cadro docente.

➤ **Obradoiros de busca activa para mulleres co emprego de novas tecnoloxías:** Realizouse un curso de busca activa de emprego por internet no ano 2005 impartido pola orientadora laboral do concello coa participación de 8 mulleres. Tanto os contidos, o material e a exposición por parte da orientadora laboral foron valorados moi positivamente. Para a metade das participantes a duración do curso resultou curta (2 horas).

➤ **Posta en funcionamento do programa de apoio a emprendedores:** Con esta acción pretendeuse apoiar e incentivar o autoemprego e as iniciativas empresariais promovidas por mulleres. Realizouse no ano 2004 cunha poboación beneficiaria de 10 mulleres. As mulleres que participaron nesta actividade fixeron unha valoración moi positiva dela, falan do moito que aprenderon e do motivador que resultou o curso.

➤ **Programa de apoio das asociacións profesionais: encaixe, marisqueo, percebeiras:** Esta acción é levada a cabo pola Axencia de Desenvolvemento Local na que se informa e asesora a todas as asociacións do concello. É un servizo permanente e continuado no que se realizan proxectos e memorias para subvencións, asesoramento e tramitación de subvencións. No ano 2006 creouse no noso concello o Centro de Desenvolvemento Asociativo Rural (CDAR) que facilita o labor asociativo de asociacións nas áreas rurais e facilita a participación da poboación en actividades do seu contorno. Asociacións beneficiarias: 12.

É destacable o esforzo realizado polo Concello na súa primeira experiencia en programas para a igualdade, obtendo unha participación total de 4431 persoas en 28 accións o que supón unha media de 158 persoas por acción. Nesta media inclúense as actividades onde houbo participación masiva como as presentacións e clausuras de programas ou servizos de información. A participación nas 17 accións levadas a cabo especificamente pola Área de Igualdade foi de un total dun total de 1791 persoas o que supón unha media de 107 persoas por acción. A moda das accións é de 15 pois é o número de participación máis repetido.





Concello de Camariñas



4. AVALIACIÓN ECONÓMICA:

No aspecto económico a Área de Igualdade dos Servizos Sociais do Concello de Camariñas non tivo partida orzamentaria específica municipal ata xaneiro do 2007, é dicir, non houbo orzamento específico durante toda a vixencia do plan. O financiamento das accións realizouse con orzamentos destinados á Area de Servizos Sociais en xeral. É destacable que aínda sen partida orzamentaria específica as actuacións da Área de Igualdade tiveron grande acollida entre a cidadanía do noso concello e incluso fóra del. A aprobación de partida orzamentaria propia foi un paso moi importante para a visibilización e a consolidación da Área de Igualdade e un compromiso político en favor da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas.




A Área de Igualdade durante todo o período do plan estivo subvencionada por diferentes institucións como a Deputación Provincial da Coruña ou o Servizo Galego de Igualdade para a realización de actividades e pola Xunta de Galicia, Consellería de Traballo para o gasto de persoal.

No ano **2004** a Deputación Provincial da Coruña aprobounos unha subvención para realización de actividades de **9.727.29€** No ano **2005** o importe foi de **11.489.68€** e no **2006** o importe foi de **13.989.83€** polo que o total do importe subvencionado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña á Área de Igualdade do Concello de Camariñas foi de **35.206.80€**

No mesmo período do plan a Xunta de Galicia representado polo Servizo Galego de Igualdade concedeunos no ano **2004** unha cantidade de **1500€** para a realización do Plan de Igualdade. No ano **2005** concedeunos **3000€** para a realización dunha campaña en contra da violencia de xénero e no **2006** concedeunos o SGI unha cantidade de **758.97€** para a edición da Guía de recursos e servizos da violencia de xénero e a Secretaría Xeral de Igualdade concedeunos no mesmo ano **1500€** para a realización dun seminario para profesionais “Novas masculinidades ante a violencia de Xénero”.




Observamos no gráfico o progresivo apoio e compromiso da Deputación cos programas de Igualdade do Concello fronte a un descenso de financiamento destes programas por parte da Xunta de Galicia.





A contratación das tres técnicas de Igualdade que desenvolveron o I PIOM de Camariñas estiveron e están financiadas por distintas institucións mediante subvencións, ben sexan da Xunta ou ben da Deputación. No período que nos ocupa, as contratacións do persoal sempre estiveron subvencionadas pola Consellería de Traballo cos programas Labora e Cooperación. Dende xaneiro do 2004 ata decembro do 2006 o financiamento total deste persoal acadou os **47.528.79€**



A principios do ano 2007 a Área de igualdade apareceu por primeira vez reflectida nos orzamentos municipais para ese mesmo ano, foi un paso significativo para a consolidación do servizo e do seu persoal. É importante plasmar en compromisos orzamentarios plurianuais as actividades previstas, para así ter garantido a boa marcha do servizo e a consolidación dos seus obxectivos.



Concello de Camariñas



5. CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN DO I PIOM: Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Camariñas (2004-2006)

A avaliación do I Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Camariñas, baseouse nas entrevistas en profundidade realizadas ás usuarias do servizo, nos informes avaliativos das distintas actividades, na valoración do persoal docente encargado de dirixilas e nos resultados do seguimento persoal levado a cabo polas técnicas de Igualdade.

Da documentación avaliativa despréndese que a maioría das mulleres entrevistadas declaran ter un alto grao de coñecemento da **Área de Igualdade**, e das actividades dos programas levados a cabo nos dous últimos anos, (“Mulleres Significativas de Camariñas” e “En Feminino: A Voz das Mulleres”). Non obstante, evidenciamos un menor coñecemento sobre as accións dedicadas á Violencia de Xénero, como a “Guía de recursos contra a Violencia de Xénero”.

É salientable destacar que o **PIOM**, documento no que se planifican as diferentes accións realizadas pola Área de Igualdade, é practicamente descoñecido, aínda que coñecen a maioría das actividades que compoñían e se desenvolveron dentro do Plan. Do mesmo modo descoñecen a diagnose das mulleres de Camariñas.

É necesario polo tanto incidir na promoción e na comunicación das nosas iniciativas, campañas e documentos para que toda a poboación coñeza o noso traballo e poida participar del e moi especialmente transmitir os Plans de Igualdade nos que se inxiren.


Observamos gratamente que o coñecemento da **técnica de Igualdade** e do traballo que realiza cada vez é maior e está ben valorado.




Concello de Camariñas

O perfil das nosas usuarias son mulleres con 50 anos ou máis, amas de casa e con baixo nivel de instrución ás que lles gusta asistir a actividades de lecer e tempo libre como o coro, sendeirismo, curso de audiovisual. A franxa de idade deste perfil coincide co segmento máis representativo das mulleres empadroadas en Camariñas.

IDADES				
20 - 30 Anos	31 - 40 Anos	41 - 50 Anos	51 - 60 Anos	+ 60 Anos
7	7	16	18	7



SITUACIÓN LABORAL					
Estudante	Ama de Casa	Desempregada	Traballadora	Xubilada	N/C
2	22	11	15	3	6






Concello de Camariñas



ESTUDOS			
Baixos	Medios	Altos	N/C
19	9	4	27



Coidamos que é necesario seguir apoiando e motivando a participación e as demandas das mulleres de mais de 40 anos que están presentes nas actividades fomentadas pola Área de Igualdade ata o de agora. Aínda sen esquecer que debemos abrir novas liñas de actuacións dirixidas ao colectivo feminino de idades máis temperás, así como a colectivos de mulleres que teñan actividades laborais fóra da casa. Para conseguir así ter un colectivo de acción o máis heteroxéneo posible, que se comprometa e participe en prol da Igualdade e con capacidade de liderar o cambio social.

Faremos a continuación unha análise avaliativa por áreas:

1. **ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN:** Esta área foi a máis numerosa en actuacións, cun total de 16. O obxectivo principal foi o de promover a Igualdade de Oportunidades de forma normalizada e integral a través da información, a sensibilización e a concienciación da poboación. Ao longo destes anos o traballo pola Igualdade foi formando parte da vida da cidadanía de Camariñas por medio das actuacións como a Guía de Mulleres Significativas, exposicións en xénero, formación en igualdade de oportunidades...



Concello de Camariñas



As actuacións realizadas nesta área tiveron moi boa acollida entre a cidadanía, pensamos que debemos seguir nesta liña de traballo de consolidación e a sensibilización da situación de desigualdade na que vive a muller .

2. **ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR:** Nesta área englobanse as actuacións referidas á violencia de xénero. No período do plan levouse a cabo unha campaña de Violencia de xénero onde unha parte estivo dirixida a profesionais e outra á poboación en xeral. Segundo se desprende das entrevistas en profundidade realizadas é imprescindible mellorar o coñecemento que ten a poboación destes programas co que haberá que traballar na liña informativa e divulgativa deles.

3. **ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL:** O obxectivo principal desta área foi o de promover a participación e a plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública. O traballo realizado neste senso pola área de Igualdade é moi positivo pois durante todo o período do plan o esforzo aplicado á realización das nosas accións foi encamiñado a traballar na participación social das mulleres. Como os programas “*Mulleres Significativas de Camariñas*”, “*En feminino*” ou as “*Xornadas de Dinamización do tecido asociativo feminino*”...e acadamos a formalización dunha asociación de mulleres e o proxecto de creación doutra ademais de crear redes de apoio e intercambio parroquiais e municipais. Detectamos deficiencias no proceso de avaliación dalgunhas actividades, polo que en diante planificaremos sistemas formais de avaliación continua no percorrer da actividade establecendo instrumentos para a avaliación e o seguimento da participación e da receptividade do persoal docente.

4. **ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE:** Unha liña de actuacións prioritaria deseñada e relacionada coa muller e coas actividades culturais e deportivas en colaboración con servizos municipais. Tráballouse co IES no programa de Mulleres Significativas e colaborouse co programa de coeducación. A importancia da formación e da sensibilización dos rapaces e rapazas e da



Concello de Camariñas



mocidade, futuro da nosa sociedade, motívanos para incrementar as accións nos centros de ensino.

5. **ÁREA DE ORDENAMENTO DO TERRITORIO E VIVENDA:** Nesta área plantexabamos traballar no medio para que o seu uso sexa accesible para toda a cidadanía polo que por motivos presupostarios non foi posible realizar todas as actuacións establecidas no plan. É conveniente artellar novas accións adaptadas e viables orzamentariamente e que incidan na mellor calidade de vida do colectivo feminino.
6. **ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL:** Pretendíase mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades específicas. Pensamos que nesta área os nosos obxectivos foron cumpridos pois organizáronse distintos obradoiros e charlas de saúde. Imos seguir traballando nesta liña pois o autoconecemento do corpo e a información sobre a saúde é importante para a autonomía e a seguridade das mulleres, elaborando accións específicas relacionadas coa sexualidade e a saúde integral.
7. **ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO:** Conseguiuse unha toma de contacto coas novas tecnoloxías durante o período do plan mediante os cursos de maquetación e de produción audiovisual, e obradoiros de busca de emprego mediante novas tecnoloxías promovendo a participación das mulleres e a cualificación profesional e as habilidades na busca de emprego.

O acceso ás novas tecnoloxías é na actualidade un aspecto imprescindible para a integración social e laboral do colectivo feminino polo que é conveniente deseñar accións de formación neste eido.

O compromiso político de consolidación, axuda, colaboración e apoio tanto a Área de Igualdade como a propia figura da técnica de Igualdade, e aos programas deseñados en prol da Igualdade é imprescindible para acadar os obxectivos de mellora do acceso e



Concello de Camariñas



participación do colectivo feminino do Concello. Sen o dito compromiso moitos dos nosos esforzos serán en balde.

Estabilizar o Servizo de Igualdade dentro dos Servizos Sociais e visibilizalo na denominación oficial da Concellería así como seguir na liña de programas de participación cidadá e no incentivo para a participación do colectivo masculino. Deben ser liñas de actuacións básicas de calquera política municipal comprometida coa Igualdade dos diferentes colectivos do seu territorio.

Durante estes tres anos de traballo (2004-2006) conseguíuse establecer unha cohesión social moi valiosa entre mulleres do noso concello e creáronse redes *“que resultaron a estrutura máis axeitada para ver garantida a supervivencia da loita polos seus obxectivos”*. Estes resultados foron grazas as propias mulleres e tamén ao esforzo realizado polo Concello na súa primeira experiencia en programas para a igualdade.

A consolidación da Área de Igualdade e a dotación de recursos humanos é unha peza clave para aproveitar a experiencia dos programas desenvolvidos ata o momento e continuar coa realización de novos programas, converténdose en servizo de referencia para toda a poboación en temas de igualdade e prevención e atención a vítimas da violencia de xénero.



6. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DE CAMARIÑAS (2007-2010)

Da avaliación do I PIOM concluímos unhas liñas básicas de actuación para o deseño do II PIOM e agrupámolas en 5 áreas . Estas liñas de actuación pretenden acadar obxectivos non executados totalmente e novas demandas que fixeron as mulleres durante o desenvolvemento do primeiro PIOM.

ÁREAS:

1. INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NO CONCELLO:

- Traballar de forma horizontal cos distintos Servizos Municipais, aplicar o “Principio. Mainstreaming” e programar accións de participación e colaboración entre Servizos Municipais e as entidades do Concello.
- Consolidación do posto de técnica de Igualdade.
- Repercusión a nivel social da Área de Igualdade.
- Sistema de avaliación
- Compromiso municipal de substituír o persoal que está en situación de baixa por maternidade ou paternidade no convenio colectivo.
- Declaración plenaria de apoio ás políticas que promocionen a igualdade de oportunidades.
- Identificar con nomes de mulleres relevantes poñendo os seus nomes nas rúas e edificios públicos.



2. VISIBILIZACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DA REALIDADE DAS MULLERES CAMARIÑÁS:

- Colocación de paneis informativos distintivos da Área de Igualdade nas distintas parroquias.
- Promover a posta en marcha da Casa da Muller ou Espazo da Muller.
- Exposicións temáticas de xénero.
- Seguir coa elaboración de calendarios onde se visibilicen diferentes situacións en igualdade.

3. EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL E POLÍTICA.

- Seguir traballando con programas de participación e integración social.
- Posta en marcha do Consello municipal de Mulleres.
- Captación e traballo con mulleres mozas do concello.

4. COEDUCACIÓN, CULTURA, LECER E DEPORTE:

- Programas de Interculturalidade.
- Proxecto de coeducación nos centros escolares.
- Programa de “*Deporte en clave feminina*”
- Formación e rexistro de rutas de sendeirismo con temática de muller “*Os camiños da nosa vida*”
- Difusión e consolidación da sección da muller na biblioteca.
- Transporte escolar e comedor nos centros educativos.

5. FORMACIÓN E EMPREGO

- Seguir con actividades de novas tecnoloxías.
- Elaboración do díptico “A muller en cifras” situación laboral da muller.
- Difusión dos dereitos laborais das mulleres.



Concello de Camariñas



6. SAÚDE , CALIDADE DE VIDA E VIOLENCIA DE XÉNERO

- Seguir coa campaña contra a violencia de xénero: Hai outro lado.
- Xornadas contra a violencia de xénero.
- Proxectos de Obradoiros formativos sobre saúde positiva (menopausa, sexualidade, autoconhecimento...)



Concello de Camariñas



7. ANEXOS: Fichas de recollida de información e seguimento do I PIOM do Concello de Camariñas



Concello de Camariñas



***FICHAS
DE
SEGUIMENTO DAS ACTUACIÓNS DO
I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E HOMES
DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (2004-2006)***



Concello de Camariñas



FICHA 1 (Actuacións):

GUÍA DE MULLERES SIGNIFICATIVAS DE CAMARIÑAS

1. Organismo/entidade responsable.

Área de Igualdade dos Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

2. Área de actuación do I PIOM na que se inclúe.

Área de Visibilización, Sensibilización e Concienciación da poboación no seu conxunto.

3. Obxectivo xeral e específico do I PIOM.

Obxectivo xeral: Promover a igualdade de oportunidades de forma normalizada e integral mediante a información, a sensibilización e a concienciación da poboación no seu conxunto.

Obxectivo específico 1.1: Visibilizar e sensibilizar sobre as situacións de desigualdade na que seguen vivindo as mulleres.

4. Tipo de actividade.

Actividade de difusión e sensibilización.

5. Denominación da actividade.

Guía de Mulleres Significativas de Camariñas

6. Poboación destinataria.

A actividade de recollida de información estivo aberta a toda a poboación de Camariñas.

7. Número de asistentes ou persoas beneficiarias.

O número de persoas directamente beneficiarias foi igual ao número de exemplares editados que foron 200.

Ámbito xeográfico.

Local: 1

Provincia: A Coruña 1

8. Colaboracións.

Nome organismo/entidade:

Axencia de Desenvolvemento Local

IES Pedra da Aguia, de Ponte do Porto



Concello de Camariñas



9. Financiamento.

Organismo: Deputación da Coruña, Proxecto Singra e Concello de Camariñas.

10. Data de realización.

De marzo a setembro do ano 2006

11. Valoración.

A valoración da información contida no documento foi positiva , pois é moi boa para valorar o traballo das mulleres ao longo da historia do noso ámbito local.



Concello de Camariñas



FICHA 2(Actuacións):

REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓNS CON TEMÁTICAS DE XÉNERO

1. Organismo/entidade responsable.

Área de Igualdade dos Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

2. Área de actuación do I PIOM na que se inclúe.

Área de Visibilización, Sensibilización e Concienciación da poboación no seu conxunto.

3. Obxectivo xeral e específico do I PIOM.

Obxectivo xeral: Promover a igualdade de oportunidades de forma normalizada e integral mediante a información, a sensibilización e a concienciación da poboación no seu conxunto.

Obxectivo específico 1.1: Visibilizar e sensibilizar sobre as situacións de desigualdade na que seguen vivindo as mulleres.

4. Tipo de actividade.

Actividade de difusión e sensibilización.

5. Denominación da actividade.

- Exposición de Mulleres Significativas de Camariñas.
- Exposición da Memoria do Tempo.
